

Afonso Becerra recolle nun libro a súa obra sobre as historias agochadas do Reino da Galiza

'Do reino (e) dos amores proscritos. Unha viaxe á Idade Media máis colorida' (Edicións Laiovento, 2026), de Afonso Becerra de Becerreá, chega ás librarías coa proposta dunha viaxe teatral no tempo. A obra, estreada en 2025, muta e crece no papel para demostrar que os personaxes sempre teñen vida propia.

[Antón Escuredo](#)

26 de xuño de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/afonso-becerra-recolle-nun-libro-sua-obra-historias-agochadas-do-reino-da-galiza/20260626081913260333.html>

Que é, ou que pode ser para nós, hoxe, o Reino da Galiza? Que hai das mulleres, de artistas e das persoas e amores homosexuais, tan proscritos como o propio Reino da Galiza na historiografía oficial? Estas son algunhas das preguntas que se fixo o dramaturgo **Afonso Becerra** (Becerreá, 1973) cando iniciou a aventura de crear unha proposta teatral a modo de "viaxe no tempo" pola historia galega nos seus primeiros séculos. A obra, premiada no III Certame Fondo de Proxectos Culturais Reino de Galiza da Deputación da Coruña, estreouse no **Auditorio Municipal de Ribeira** (O Barbanza) en outubro de 2025 dentro da mostra de teatro dese municipio. Agora chega como libro mais cun contido especial, moi distinto.

"Non fixen unha obra para publicar mais si que trouxo consigo un libro", explica a *Nós Diario* o autor. "En realidade pariuno o propio escenario", agrega. Así, nas súas páxinas recolle apartados que quedarían fóra dunha obra teatral ao uso. "O libro sae despois de todo o proceso de ensaios que tivemos, da propia estrea e de ver se funcionaba ou non", admite. Becerra está satisfeito do resultado e de conseguir relatar "non só desde a imaxinación e desde a folla en branco, como cando escribimos en soidade un texto para despois levalo ao escenario". Pola contra, no libro aparecen as mudanzas realizadas polas propias actrices e actores para conseguir o resultado final.

A outra historia da Galiza

"Desde pequeno sempre me gustaron moito os castelos e os castros", afirma Becerra. "Cando me saíu a oportunidade de escribir sobre o Reino da Galiza para o certame vin que era a miña oportunidade", engade. Comezou a afondar na bibliografía sobre o tema cando a publicación da obra *Vidas e historias LGBT da Idade Media* (Xerais, 2025). "Daquela vin a luz. Decidín tratar a

historia non desde a perspectiva que sempre se fixou, senón desde a das mulleres poderosas que houbo na Idade Media ou dos personaxes marxinais”, relata.

Así, Becerra opta por tratar pequenas historias, como o amor de **Sancha e María**, no século XIII; ou o de **Pedro e Munio**, que casaron en 1061, lembrando tamén a relación de **Urso e Rufino** do século II ou os desexos do **Adiantado Maior do Reino da Galiza Fernám Díaz** (Estevo Fernández de Castro), no século XIII, da liñaxe descendente do Rei Don García.

Afonso Becerra recoñece que o momento histórico principal da súa obra está na Idade Media, “a nosa verdadeira Idade de Ouro”, mais quixo comezar antes pola época castrexa —coa construción dun castro e unha chiscadela poética á obra de Eduardo Pondal— e pasar despois, de maneira breve, pola romanización e a súa achega á cultura galega a través do latín. Con todo, a parte principal da obra está dedicada ao Reino da Galiza. “De inicio interesoume tratar tamén a figura dos trovadores, como é o caso de **Martín Códax, Meendinho e Xohán de Cangas**”, continúa o autor. Das raíñas, trata os casos de **Dona Sancha** e de **Dona Urraca**, ademais doutros personaxes femininos, como os que entran na historia de amor lésbico de **María Leve e Sancha Pérez**, para rematar con **María Balteira**.

Para a obra, Becerra, alén dos seus propios textos, botou man dos de **Darío Xohán Cabana, Uxío Novoneyra, Xohán de Cangas, Martín Códax, Meendinho, Guillermina Domínguez Touriño, Felicia Estévez Salazar, Gottschalk de Orbais e Rochi Nóvoa**, entre outros.

Un reparto "vivo"

Para a representación no escenario, o autor contou con actrices e actores con experiencia no oficio, ademais dalgunha sorpresa. No texto cobran vida e son protagonistas con nome e apelidos. Así, sobre o escenario Ana Carreira Varela ofrece unha lectura de contos chea de sensibilidade e de ritmo, convertendo cada palabra nunha pequena faísca que prendeu no público. Isabel Risco, pola súa parte, deu vida con forza e respecto ás raíñas Dona Sancha e Dona Urraca, dúas figuras que encarnan o poder, o desexo e a memoria feminina da historia da Galiza. A súa interpretación tivo algo de rito: como se as antigas voces volvesen falar, mais desde a contemporaneidade dun corpo e dunha mirada chea de verdade en cada aceno.

A presenza de Alberte Bello e de **Henry Vidal** completa un cadro escénico cheo de harmonía e de talento. A música interpretada en directo, con instrumentos de época, guía o relato con delicadeza: o son das cordas e da percusión medieval transportábanos a un tempo remoto, mentres os versos de Martín Códax, Meendinho ou Xohán de Cangas vibraban coa mesma actualidade que un poema novo.

As ilustracións de Paula Garrote e o coidado tratamento da escenografía e da iluminación, tamén a cargo de Bello, fixeron do espectáculo no escenario unha verdadeira viaxe sensorial e, no libro aparecen trasladadas con total intensidade.

Traballo colaborativo

"O libro, en si mesmo, é un traballo colaborativo", indica Afonso Becerra a *Nós Diario*. "Cando xogas coas actrices e cos actores, ademais de co músico, xorden solucións que nunca imaxinarías”, asegura. Neste senso, o dramaturgo compara o seu traballo co dun pintor “que introduce cambios mentres está co pincel aínda activo”.

Becerra fala de todo o reparto como excepcional mais ten especial agarimo coa figura do músico, Henry Vidal, cubano de nacemento con descendencia galega que atopou, lembra, "por

casualidade". Un dos soños do dramaturgo sempre foi contar con música en directo partindo de pezas e instrumentos orixinais da Idade Media. Así, a fortuna quixo que localizara a Vidal en Lugo, un artista con esas características que, ademais, "podía moverse á perfección e con soltura enriba das táboas".

Becerra ten claro que este "non é un libro de personaxes", senón que é un libro, "sobre todo, de persoas". Por iso, o autor entende que o resultado final, unha vez publicado e nas librarías, é unha sorte de "xoguete teatral vintage contemporáneo". Unha viaxe lúdica e festiva, desde a perspectiva de artistas (trobadores, xograres, soldadeiras), mulleres (raíñas) e tamén de vidas e de historias LGBT do noso pasado.